



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 7 DE MAIO DE 2012.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

#### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

#### **AUSENTES :**

-----  
**Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

#### **Interventora de fondos**

D.<sup>a</sup> Eva García Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 11,00 horas do día 7 de maio de 2012 réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



## PARTE RESOLUTIVA:

### 1- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES

O Sr. Fírvida (BNG) manifesta que o seu grupo votará en contra dado que a actas non reflicten as intervencións do seu grupo no contexto do debate. Ten erros, están descontextualizadas, e as intervencións da oposición non se entenden. O Regulamento orgánico que temos aprobado, soamente serviu para cercear os dereitos da oposición, pero non ten conseguido nada para que as intervencións nosas se reflicten con claridade.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP, os votos en contra do BNG e as abstencións do PSdeG-PSOE, o seguinte acordo: “Aprobación da actas das sesións do 05/03/2012 e 08/03/2012”

### 2- ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BARBADÁS E DA TAXA POLA PRESTACIÓN DESTE SERVIZO

Pola Presidencia cédese a palabra á voceira do BNG D<sup>a</sup> Ánxela González, quen sinala que nesta ordenanza debería recollerse a denominación de prezos públicos para poder recoller as bonificacións por razón de empadroamento, segundo o informe emitido por Secretaría.

Sinala que as políticas do PP non serven para saír da crise: soben impostos e taxas; supoñen un saqueo obxectivo ás familias, e mentres... vostedes seguen coas súas adicacións exclusivas. Por isto, o BNG solicita que se manteñan os prezos do ano pasado nesta ordenanza, que se proceda a exención de matrícula nos casos sinalados nas alegacións, e que existan unhas bonificacións en función da renda. Ademais considera imprescindible a existencia dunha adecuada publicidade a través da páxina web.

Tamén sinala que respecto á documentación, as familias que xa a teñan entregada por participar noutras actividades ou escolas municipais, que non teñan que volver a entregala, e que se leve a cabo un sistema de centralización administrativo, de forma que soamente se teña que entregar de novo, en caso de cambio de circunstancias persoais, familiares ou económicas.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) afirma que esta suba supón un 85% respecto o ano anterior, e non se está pensando na repercusión que nas familias ten, sobre todo nestes momentos de crise. O grupo socialista está en desacordo coa política de incremento de taxas, polo que presenta unhas alegacións, a cuxa lectura procede.



Pola Presidencia respóndese que o Concello está a facer un gran esforzo para manter a escola de música, que se financia case na súa totalidade con cargo ás arcas públicas. É unha cantidade mínima a que aportan os pais, e ten carácter simbólico fronte o esforzo do Concello para afrontar un gasto duns 100.000 euros. Ademais, por lei, os servizos teñen que autofinanciarse, e por iso non aceptaremos estas alegacións. É unha ordenanza feita con criterios técnicos e sociais, e agora mesmo poucos concellos poden manter unha escola ou conservatorio, e nos estamos a facer ese esforzo.

D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG) non entende como o alcalde non acepta a bonificación en función da renda no caso dun ou dous parados no núcleo familiar. Afirmar que nunha ordenanza pódense recoller por escrito unha serie de criterios de selección, pero vostedes ocultan os criterios de selección para facer o que lles da a gana, e logo os acusamos de escurantismo e vostedes se enfadan. Pola Presidencia respóndese que non se lles cobrará ós parados.

A voceira nacionalista sinala de novo que a necesidade de entregar a documentación anualmente para cada escola, supón un gasto para as familias e ademais, unha perda de tempo de traballo para poder entregala, polo que solicita unha centralización do sistema.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) matiza que o seu grupo está para ofrecer solucións ós veciños, que actualmente atópanse en situacións moi precarias. Trátase de aplicar bonificacións a persoas desfavorecidas, e o Sr. alcalde di cada ano, que o ano que ven se terán en conta as achegas da oposición , ....pero pasan os anos e nunca as asumen. Asuman o nome de prezos públicos, e que os de fora paguen mais; Apliquémolles un sobre custo ós de fora.

D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG) sinala que non van a votar a favor das alegacións socialistas . Entenden que aplicar un 200% os de fora, sería roubar, e que o xusto sería aplicar o 100% do custo. E respecto ás bonificacións, estas deben ser aplicadas en función da renda, non do tipo de familia. E entende tamén que respecto os criterios de admisión, o nivel de renda podería ser un deles, pero tería que estar regulado e baremado.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) apunta que na intención do seu grupo está que as bonificacións soamente serían aplicadas para os censados en Barbadás, e tendo en conta o IPREM; e sinala tamén a posibilidade de substituír o sorteo polo criterio de renda en caso de empate para o acceso. Remata o voceiro socialista afirmando que non é a intención do seu grupo roubar a ninguén, polo que a semántica debe ser mais coidadosa por parte de todos.

Sen mais sométense a votación as alegacións presentadas:



- Cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do PP, adóptase o seguinte acordo: **“Rexeitamento das alegación presentadas polo BNG á Ordenanza reguladora da escola municipal de música”**
- Cos votos a favor do PSdeG-PSOE, os votos en contra do PP, e as abstencións do BNG, adóptase o seguinte acordo: **“Rexeitamento das alegación presentadas polo PSdeG-PSOE á Ordenanza reguladora da escola municipal de música”**

Sen mais sométese a votación a aprobación definitiva da ordenanza :

- Cos votos a favor do PP e os votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, adóptase o seguinte acordo: **“Aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora do funcionamento da Escola municipal de música de Barbadás e da taxa pola prestación do servizo”**.

### **3- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BARBADÁS**

Pola Presidencia cédese a palabra a D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG), quen sinala que existen 44 familias de nenos que quedaron sen praza na escola infantil, e pregúntalle ó alcalde, como vai a explicarlles que tivo a posibilidade, cun proxecto conveniado e asinado e que non se cumpriu, de ter prazas para todos eles con unha gardería da Xunta con 6 unidades mais e que non se fai.

O alcalde esquece que o Concello medra e que nas épocas de crise, as familias precisan de máis axudas dos órganos públicos e, por falta de vontade política, quedámonos sen a posibilidade de 82 novas prazas de escola infantil. Por elo, piden a dimisión do alcalde e da concelleira responsable. Lembra como en 2009 asinaron un montón de convenios; en 2010 os publicitaron; en 2011 foron as eleccións, e en 2012 todos están frustrados...

Considera que tendo en conta o carácter educativo das escolas infantís, a concellería responsable debe ser a de educación, porque se é a de familia, sería darlle á escola un carácter asistencial.

Sinala que segundo o informe, a linguaxe sexista xa foi eliminada, e engade que o equipo educativo é o que planifica a función educativa, polo que a coordinadora non debería ser soamente un enlace entre o Concello e a escola.



Respecto á comisión de baremación, se non se acepta a un pai nelas, e si non se acepta que sexan públicas... é que están ocultando algo. Teñen que ter uns criterios claros de admisión, e estes ser públicos e publicados na páxina web. A concelleira cobra para estar informada, e non para pasear pola Valenzá, e nin sequera ten toda a información sobre este tema.

Afirma que, nos tempos que corren, temos que estar todos en igualdade de condicións, e a reserva dos traballadores é unha discriminación. Sr. Alcalde: se tanto quere facer en favor da conciliación da vida familiar e laboral, faga unha gardería eiqui e que a paguen os traballadores; pero que non entren pola porta de atrás. Entran legalmente, porque vostede fai a lei e escribe os criterios..

Incide na necesidade de publicar na web os criterios de admisión e os motivos de exclusión, e sinala, respecto ó peche o 24 e 31 de decembro, que o lóxico sería facer unha estimación de cantos nenos van acudir eses días, e en función do resultado, que se fagan quendas polos traballadores.

Lembra que Intervención ten pendente de facer un estudio económico financeiro sobre a situación da escola infantil.

D<sup>a</sup> Victoria Morenza (PSdeG-PSOE) sinala que, unha vez que o Concello asume a xestión, o seu grupo está de acordo con que sexa a concellería de educación a responsable.

Non entende como o PP goberna de costas á veciñanza: pecha o 24 e o 31 de decembro, reservan prazas para os traballadores mentres outros cativos quedan fora por isto... é que a veciñanza pide unha segunda escola infantil. Parece que o alcalde non segue as políticas de apoio á natalidade do Sr. Feijóo.

Finalmente, respecto ás alegacións do BNG , imos votar a favor, salvo no das familias mono parentais, que non entendemos porque cando usamos eses criterio nós, non lles vale, e logo úsano vostedes.

D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG) matiza, que o BNG utiliza o criterio das familias monoparentais como criterio de desempate, de carácter social, pero non económico.

- Sen mais sométese a votación as alegacións presentadas polo BNG: cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do PP, resulta adoptado o seguinte acordo: **“Rexeitamento das alegacións presentadas polo BNG á modificación do regulamento interno da Escola infantil municipal de Barbadás”**



- A continuación procédese á votación da aprobación definitiva da modificación: Cos votos a favor do PP, e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE, resulta adoptado o seguinte acordo: “Aprobación definitiva da modificación do regulamento interno da Escola infantil municipal de Barbadás”

#### 4- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA NA ELABORACIÓN, TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DAS RELACIÓNS DE ESTRADAS MUNICIPAIS E DOS INVENTARIOS DE TRAVESÍAS

O Sr. Fírvida (BNG) manifesta que o seu grupo vaise abster porque entende que as Deputacións non deberían existir, e que este cometido concreto debería ser asumido pola Consellería de infraestructuras.

A Sra Morenza (PSdeG-PSOE) afirma que pensaba que este inventario xa estaba porque de feito temos un PXOM que as recolle. Entón se pregunta se este inventario que se propón vai ter algunha utilidade, se se vai elaborar algún plan de actuacións, e se o Alcalde ten claras as actuacións que vai acometer.

Pola Presidencia respóndeselle que este convenio é necesario si queremos ter un plan de mellora e poder contar coa Deputación.

O Sr. Fírvida (BNG) sinala que o que acaba de dicir o Alcalde é surrealista porque na Deputación, o único criterio que se usa é o do interese político para o Presidente, e , por certo, Barbadás nunca pilla cacho. A única obra que se vai facer é un asfaltado de 800 metros dunha vía Provincial, e que veu o conselleiro a anunciarlo con bombo e platiño.

Por tanto este convenio é unha mentira, porque o único que se fai, é o que Baltar quere.

O Sr. alcalde resposta que as peticións de actuacións previstas eran:

- a travesía de 800 metros na Valenzá
- o asfaltado na antiga N-540 ata Bentraces.
- a estrada de Piñor
- nas Escorregas, estamos coa Deputación elaborando un proxecto asumible economicamente
- a Pasarela da Chouciña, na que están pendentes de falar cos veciños que parece que agora queren unha rampla lateral para acceder peonilmente.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e as



abstencións do BNG, o seguinte acordo:

**“1- Solicitarlle á Deputación Provincial a adhesión do Concello de Barbadás ó convenio marco da Deputación Provincial de Ourense para a prestación de asistencia na elaboración, tramitación e aprobación das relacións de estradas municipais e da delimitación de travesías, aceptando expresamente o clausulado do dito convenio.**

**2- Delegar na Deputación Provincial de Ourense o exercicio das facultades necesarias para a tramitación ante a Comunidade Autónoma da relación de estradas e para a tramitación da proposta de delimitación de travesías ante as administracións en cada caso competente incluíndo expresamente na dita delegación o exercicio da competencia para a aprobación inicial da relación de estradas e/ou para a aprobación da proposta de delimitación de travesías.**

**3- Designar como responsable municipal na execución do convenio marco á seguinte persoa: D. José Manuel Freire Couto, alcalde do Concello de Barbadás.**

**4- Poñer a disposición dos equipos técnicos da Deputación a cartografía do termo municipal da que se dispoña, ordenando ós servizos municipais que faciliten toda a colaboración e información precisa para a normal execución do convenio.”**

### **5- TAXA POR CAIXEIROS AUTOMÁTICOS**

O Sr. alcalde presenta a proposta de ordenanza, cunha contía, baseada no informe de intervención , de 4.292,20€. Sinala que si existise unha impugnación habería que estudar a estratexia.

O Sr. Fírvida (BNG) pídelo o alcalde que non poña venda antes da ferida, e que se aprobe esta ordenanza, que o BNG vai a votar a favor.

O Sr. Valcárcel (PSdeG- PSOE) sinala que o seu grupo subscribe as palabras do voceiro nacionalista , e mais cando existen sentencias do tribunal Supremo que avalan a legalidade da implantación de esta taxa.

No informe de intervención recóllense basicamente todos os aspectos contemplados no seu momento na moción que abriu as portas a esta ordenanza.

Na argumentación que se utiliza no citado informe faise mención de que nun caixeiro automático disposto cara a rúa realízanse operacións de carácter económico que permiten a obtención dun beneficio, e tratase tamén dun elemento que ademais de utilizar a vía pública, é claramente destructor de postos de traballo.



O meu grupo pretende que aquelas empresas que mais beneficios están tendo nestes momento de crise, contribúan a mellorar a situación financeira do Concello; que o importe sirva para frear o incremento da presión fiscal que sofren os veciños; e destinar a taxa a mellorar a atención social e educativa en Barbadás.

Sen mais, sometese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**“ Aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos acaroados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública”**

### **6- TAXA POR SAF**

D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG) manifesta que o Sr. Alcalde aplica á terceira idade a mesma liña política que para os nenos, porque no ano 2009 estivemos debatendo sobre un centro de día, frustrado tamén, como a escola infantil.

Son políticas antisociais, impositivas, e de catadura moral inaceptable, por reprimir ás persoas e incentivar as políticas fiscais. Vostede debería explicar si en Barbadás se vai a apoiar unha política de axuda os nosos semellantes, e sobre todo os nosos maiores, que son en moitos casos o sustento das economías familiares coas súas pensións.

Non vemos ningunha idea para axudas ós demais, e dende o BNG propoñemos que non se incremente o prezo do SAF.

Báixanlles as pensións, teñen que pagar os medicamentos...Queremos saber cantas persoas teñen traballando agora neste servizo, e cantas haberá o ano que ven. O Sr. alcalde resposta que dez persoas, e que o ano que ven manterase o número.

A voceira nacionalista critica a non eliminación das adicacións exclusivas mentres non teñamos centro de día, e sinala que nesta taxa son moitas cousas coas que non están de acordo. Piden que conste en acta a petición do BNG e do PSdeG-PSOE de que se manteña o cadro eliminado da ordenanza, segundo a palabra do Alcalde e a Interventora, e que conste tamén a afirmación do alcalde de que vaise manter a axuda no fogar a grandes dependentes tal e como esta establecida ata agora.

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE) afirma que o seu grupo considera que o incremento do prezo do SAF , en momentos difíciles como os que están vivindo os nosos maiores, non é xusto, e preocúpalles a situación na que Núñez Feijoo vai deixar ós concellos de menos de 20.000 habitantes, porque non sabe si se vai seguir mantendo os servizos sociais básicos nas mesmas condicións, polos recortes da





Xunta. Non saben si esta suba do IPC será o primeiro paso de mais subas para os usuarios do servizo. Pregunta o Sr. alcalde si se van seguir mantendo os servizos sociais básicos nas mesmas condicións que ata o de agora, e si se vai manter a plantilla de traballadores do SAF. O alcalde resposta afirmativamente.

Pregunta si se vai externalizar o servizo de SAF, o que lle resposta o alcalde que na actualidade, isto non se expón nin remotamente.

Pregunta se vai ser minguado o número de usuarios ou si van ter que pagar mais no futuro, o que lle resposta o alcalde negativamente. Finalmente pregunta si se manterá o cadro de persoal de servizos sociais, facendo referencia á educadora familiar. O alcalde respóndelle que este ano si , pero que non se sabe como se solventará o tema da subvención no futuro.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando aprobado, cos votos a favor do PP, e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE, o seguinte acordo: “Aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar”

**A continuación procédese un cambio na orde do día, pasando a tratar os asuntos da parte de control, a petición da Interventora.**

### **PARTE DE CONTROL :**

#### **8.- DACION DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.**

A Corporación queda enterada das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a sesión anterior.

#### **9- DACIÓN DE CONTA DE:**

**A- DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN :**A Corporación queda enterada.

**B- CUARTO INFORME TRIMESTRAL DE MOROSIDADE:** A Corporación queda enterada.

**C- CERTIFICADO DE DÉBEDA A 14 DE MARZO DE 2012MOCIÓN** A Corporación queda enterada.

**A continuación retómase a parte resolutiva co punto das mocións.**



### 7.- MOCIÓNS :

#### A- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA

Polo Sr. Fírvida, procédese á defensa da seguinte moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A **Plataforma SOS Sanidade Pública** está a promover unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galiza, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatíbel co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola **Plataforma SOS Sanidade Pública** vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (private finance initiative ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado



empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

Por todo o exposto, o **BNG de Barbadás** solicita ao pleno do Concello de Barbadás a adopción urxente dos seguintes

### **ACORDOS**

PRIMEIRO- Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

SEGUNDO- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

TERCEIRO- Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuito e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza

Sinala o voceiro a alarma existente na poboación ante a situación da sanidade, e xa o noso grupo presentou esta moción en Febreiro, pero a situación vai empeorando dende que a presentamos.

Coas medidas que se están a tomar, entre as que esta a obriga das persoas sen recursos a obter unha tarxeta sanitaria, que os deixará sen asistencia primaria, e se lles vai a facturar a contía dos servizos, e soamente se lles atenderá por urxencias, entende o BNG que se trata de técnicas nazis, xa que non hai mais estigma que non ter recursos como para aínda por riba , se lle de publicidade a este feito.

Entendo que os que teñen grandes patrimonios voten en contra , pero non entendo como persoas que están neste Pleno non voten a favor, porque todos coñecemos a xente que o está pasando fatal. Os pobres imos quedar sen asistencia sanitaria, que somos os que o necesitamos, porque os ricos van á sanidade privada.

Agora estanse a aplicar medidas sociais necias e miserables, como o copago sanitario: en 5 meses do goberno de Rajoy, cargouse o noso sistema social; e agora ós pensionistas vailles facer pagar polo copago, á sanidade. Era necesario este “repago”?? ( porque a fin de contas xa o pagamos antes). Non é necesario, porque a finais de 2009, tiñamos na caixa xeral setenta mil millóns de euros de superávit. A



sanidade española, en calidade, eficiencia e eficacia, é das mellores do mundo. O déficit destes dous anos de crise económica haberá que solventalo doutra forma, e non gravando ós pobres. Mentres, están a facer unha amnistía fiscal que branqueara diñeiro de delitos, e o gravará soamente cun 10%... O que fai falta é un sistema fiscal xusto e progresivo!!

A media das pensións galegas é de 776 euros, e queren cobrarlles a esta xente o custe das ambulancias, medicinas.... Unha persoa que teña que facer diálise e que viva en Xinzo, lle sae en máis de 400 euros ó mes facer o tratamento. E os inmigrantes tamén quedan estigmatizados.

O Sr. Valcárcel (PSdeG- PSOE) sinala que o sistema de saúde instaurado pola Lei Xeral de Sanidade de 1986 foi un exemplar, e que acadáronse avances sanitarios que a cidadanía aprecia, e isto , e o que está a destruír o PP. O Gobernos do Partido Popular din preocuparse polo mantemento da Sanidade, e que este sistema actual non é sostible. A Xunta do Sr. Feijóo é a precursora das políticas de Rajoy, en materia de copago sanitario, transporte non urxente, pago de medicamentos polos pensionistas ...A situación da sanidade é un dos grandes enganos de Rajoy: non dan cifras reais sobre as listas de espera, hoxe o tempo de espera son seis días mais que fai un ano, e en Vigo, en Povisa, cincuenta días máis...

Pola Presidencia respóndese, que debemos cinguirnos ó ámbito de Barbadás, porque o Parlamento é quen legisla, e nós non temos competencia para intervir nese proceso. Parte do que din os voceiros da oposición, é perfectamente asumible por todos, pero o tema real é a sustentabilidade do sistema, e tense que tomar algunha medida para preservar o sistema. O superávit que houbo fai anos estase esgotando polas pensións nesta época de crise, polo que mais vale tomar medidas, a que entremos en bancarrota.

O voceiro nacionalista, Sr. Fírvida, procede á lectura dos acordos da moción, reflectidos anteriormente nesta acta.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE), sinala que o PP fala de insostibilidade do sistema sanitario español. Entón, se é tan ruinoso... por que tantas empresas licitan por el nos concursos???

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do PP, resulta adoptado o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo BNG de apoio á iniciativa legislativa popular para a defensa e promoción da sanidade pública en Galiza”.**

### **B- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A REPROBACIÓN DO VALEDOR DO POBO E O**



### RESPECTO AOS SÍMBOLOS OFICIAIS DE GALIZA

Polo Sr. Fírvida ( BNG) procedese á lectura e defensa da seguinte moción

#### EXPOSICION DE MOTIVOS

**O día 3 de novembro de 2011 unha resolución do Valedor do Pobo instaba á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a que se adoptasen as medidas oportunas “para que non se utilice” o libro de texto de Coñecemento do Medio de 5º curso de Educación Primaria da editorial Vicens Vives, en tanto o seu contido sobre regulación estatutaria das linguas oficiais da Comunidade non sexa corrixido.**

**No dito libro figura que “a lingua propia de Galiza é o galego”.**

**Tal petición foi avalada de forma inmediata pola propia Consellaría.**

Para o BNG de Barbadás esta resolución merece a reprobación do Valedor do Pobo, que lonxe de defender a lingua galega, a súa normalización e estatus xurídico e legal, adícase a atacala, e revela o descoñecemento das leis fundamentais do noso país como o Estatuto de Autonomía de Galiza que no seu artigo 5.1 recolle que **“A lingua propia de Galiza é o galego”**.

É inconcebíbel que un representante do pobo galego, no canto de defender a nosa lingua, estea a crear conflitividade entre as dúas linguas oficiais de Galiza cuestionando incluso a lexislación que a ampara.

Por outra banda, no Pleno de Barbadás de toma de posesión da nova corporación municipal saída das eleccións de maio do 2011, foi interpretado o Himno de Galiza de maneira incorrecta, xa que foi “castrado” pola súa metade.

Este feito reflicte a total desconsideración e sensibilidade existente no grupo de goberno do PP, do señor alcalde, e das persoas encargadas do acto no respecto do símbolos propios que nos identifican como nación.

Tendo en conta o sinalado, o grupo municipal do BNG **de Barbadás** solicita ao pleno do Concello de Barbadás a adopción dos seguintes

#### ACORDOS





- 1.- A reprobación do Valedor do Pobo polo resolución dictada o día 3 de novembro de 2011, en contra da defensa xurídica e legal da lingua galega.
- 2.- O envío do acordo do Pleno de Barbadás á oficina do Valedor do Pobo e ao Parlamento de Galiza da reprobación do seu comportamento.
- 3.- O Concello de Barbadás respectará e fará respectar a Lei de Símbolos de Galiza en todas as súas manifestacións e actos institucionais, incluíndo a interpretación completa do Himno Galego.

Resume o voceiro, que o que se agocha detrás de todo isto, é o odio ós signos de identidade do noso país. Agora, o valedor nos sorprende manifestándose a favor das políticas do PP, cualificándoas como “xustas, imprescindibles e necesarias” cando tiña que ser unha figura neutral. Isto é unha manifestación dunha política centralista, e o xusto, imprescindible e necesario, é o relevo de dito valedor.

Tamén sinala o seu malestar, porque no acto de toma de posesión da actual Corporación, se esqueceu o fundamental: os símbolos de Galiza, e como tal o himno galego, que foi castrado e se tocou pola metade.

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE) sinala que o Valedor está a actuar en contra dos intereses de Galicia, e resulta paradóxico que un órgano creado para defender os dereitos e liberdades dos galegos, actúe en contra dun dos artigos básicos do Estatuto de Autonomía tentando eliminar un libro de texto que reproduce literalmente unha lei orgánica. O Estatuto afirma que o galego e o castelán son idiomas oficiais en Galicia, e o mais importante: que os poderes públicos garantan o uso normal, e potenciarán a utilización do galego.

Esta actitude non nos sorprende, e menos nesta etapa castelanista do SR. Feijóo e o seu Conselleiro de Educación, que dende a Consellería ten atacado tantas veces o idioma galego. Pero o máis reprochable é que tente silenciar o uso do galego no ensino.

Por iso o grupo socialista non entenderá que non existe un apoio unánime do Pleno en contra das posturas que atacan o Estatuto de Autonomía.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo BNG solicitando a reprobación do valedor do pobo e o respecto os símbolos oficiais de Galiza”**

### **C.- MOCIÓN DO BNG POLO 8 DE MARZO DE 2012, DÍA INTERNACIONAL DAS**



### MULLERES

D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG), procede á defensa da seguinte moción:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do Estado e de Galiza, golpea de maneira especial ás mulleres. A feminización da pobreza é xa un feito na nosa sociedade facendo desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positiva.

O paro feminino medra por riba do masculino así como o número de mulleres inactivas que desisten de buscar emprego. A nova precarización do mercado laboral e o recorte nas pensións afectará máis negativamente ás mulleres, que son maioría nos traballos a tempo parcial e na economía somerxida, cun promedio de menos anos de cotización e tamén son maioría como receptoras de pensións non contributivas. Os recortes de servizos sociais e de atención á dependencia forzan a máis mulleres a asumir de novo o papel de coidadoras non retribuídas. Todos eles son pasos atrás na procura da independencia económica imprescindible para rachar situacións de convivencia de parella violentas.

Ante este deterioro das condicións de vida das mulleres galegas, a Xunta de Galiza renuncia a utilizar as súas competencias para fortalecer as políticas de igualdade e redistributivas e convértese en axente activo do recorte dos dereitos da cidadanía.

Neste 8 de Marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres, o BNG quere facer especial incidencia no retroceso democrático que supoñerá a anunciada derogación da norma que actualmente regula a interrupción voluntaria do embarazo. Unha demanda de décadas das mulleres que se cumpriu hai escasos meses e que o Partido Popular anuncia que dismantellará como tantas outras políticas públicas de igualdade.

A despenalización do aborto democratizou o acceso á prestación e aliviou a presión moral que se exercía sobre as mulleres que decidían non continuar cun embarazo. A normativa ameazada incorpora políticas de información e prevención de embarazos non desexados, elemento clave en calquera política que pretenda diminuír a súa incidencia. Non hai razóns sanitarias ou sociais, non hai polémica alén da provocada polos grupos radicais conservadores e a xerarquía católica, que xustifique un retroceso de tal calibre.

Dende as institucións onde o BNG ten presenza, dende a rúa xunto coas mulleres militantes feministas que non renuncian a reivindicar os dereitos de cidadanía da outra metade da humanidade, reclamamos



o mantemento da lexislación actual e reclamamos que esas Institucións se pronuncien no mesmo sentido.

Por todo o exposto, o **BNG de Barbadás** solicita ao pleno do Concello de Barbadás a adopción urxente dos seguintes

### ACORDOS

1-O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.

2- Pedirle á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita lei.

3- Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.

4- O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actúantes en Galiza.

- Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.

Sinala a voceira que o BNG pon o acento nas consecuencias negativas, reprobando a decisión de que non entrase no pleno anterior por unha regulamentación que reprime a oposición dado que o Sr. Alcalde é moi posible que considere que xa se discutiu, non a debata.

Existe unha ofensiva ideolóxica contra as mulleres co sistema de redes madre; As necesidades das familias non se atenden, porque se parte dunha ideoloxía ultraconservadora. Fan recortes en materias que afectan ás familias, e sobre todo ás mulleres, como o esquecemento do I.E.S., Centro de Saúde, centros de día, o incremento da presión fiscal...

Falta compromiso coa lei de dependencia, e isto prexudica ás mulleres, porque son elas as que a fin de contas atenden a maiores e menores, coa consecuente discriminación que supón cara a unha participación noutros ámbitos sociais. Vostedes están retomando o discurso que reduce a maternidade ó parto. Estiveron en contra do divorcio, aborto, vodas gays...As leis non deben impor valores, senón garantías, e vostedes están impondo o sistema de redes madre, e financiando políticas





ultradereitistas.

Finalmente sinala que po extemporáneo, eliminan o punto 4 da moción mantendo o resto.

D<sup>a</sup> María Presas (PSdeG-PSOE) sinala que o seu grupo acepta e comparte a moción do BNG, e entenden que a política do PP supón un retroceso en avances sociais promovidos polo PSOE en etapas anteriores.

Pola Presidencia respóndese que o grupo do PP non vai a votar a favor, polo carácter eminentemente político da moción, e porque as nosas posicións ideolóxicas non coinciden.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: *“Rexeitamento da moción do BNG polo 8 de marzo de 2012, Día Internacional das mulleres”*

### **D- MOCIÓN DO PSdeG PARA A MELLORA DO MOBILIARIO URBANO DA FINCA FIERRO ASI COMO A MODERNIZACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO**

Polo voceiro socialista, o Sr. Valcárcel, procedese á defensa e lectura da presente moción.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Estamos nun momento en que semella que a situación administrativa da Finca Fierro está definitivamente encauzada en canto á súa dependencia administrativa e política ó Concello de Barbadás.

No Grupo Municipal Socialista consideramos que o goberno do Sr. Freire fixo nesta localidade un traballo aceptable. Pero tamén temos que dicir que nos últimos tempos a veciñanza ten unha certa sensación de deixadez no relativo á atención que reciben polos gobernantes do concello.

Esta situación faise especialmente patente no que afecta ó estado de boa parte do mobiliario urbano, como poden ser bancos e papeleiras. O estado de estos elementos son parámetros que a veciñanza utiliza para valorar a xestión que se fai dende a administración.

En todos os casos, o estado e a ubicación do mobiliario urbán afecta ó confort da veciñanza e a súa calidade de vida. Polo tanto, é fundamental proporcionar unha dotación equilibrada de mobiliario en cada núcleo residencial, neste caso a Finca Fierro.

O mobiliario urbán está conformado por unha serie de elementos que se instalan no espazo público con un propósito común para a cidadanía: o de ser ÚTIL.

O Grupo Municipal Socialista de Barbadás considera que na Finca Fierro existen actualmente demasiados elementos do mobiliario urbano básico (fundamentalmente bancos e papeleiras) que



presentan un deterioro moi importante polo que a súa utilidade para a veciñanza deixa moito que desexar.

Por outra banda, sinalar que unha das actuacións prioritarias para a administración local ten que ser a de facilitar a accesibilidade da veciñanza ós diversos espazos públicos. E no parque da Finca Fierro non se dá esta situación. Os socialistas de Barbadás consideramos que este problema non está axeitadamente resolto neste lugar de ocio.

Os espazos públicos non son só públicos no senso de ser “observados” senon que son públicos no senso de estaren abertos e seren accesibles para o disfrute da comunidade.

Finalmente a veciñanza está certamente cansa dos malos cheiros que existen en varias zonas da localidade e que ven motivado, ó parecer, por unha incorrecta execución do saneamento público ó non ter o alcantarillado ningún sifón que evite esta incómoda situación.

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- Arranxar e pintar os bancos que están en mal estado de conservación
- Substituir as papeleiras deterioradas e que o seu baleirado se faga dun xeito máis periódico
- Proceder a facilitar a accesibilidade ó parque público da Finca Fierro.
- Solventar as deficiencias existentes na rede de sumidoiros tomado todas aquelas medidas necesarias para evitar os malos cheiros.

Sinala o voceiro que estamos nun momento en que semella que a situación administrativa da Finca Fierro está definitivamente canalizada en canto a súa dependencia administrativa e política ó Concello de Barbadás, e os socialistas consideran que o goberno do Sr. Freire fixo nesta localidade un traballo aceptable. Pero tamén que nos últimos tempos a veciñanza ten unha certa sensación de deixamento no relativo á atención que reciben polos gobernantes do concello, en particular no que afecta ó estado de boa parte do mobiliario urbano, como poden ser bancos e papeleiras.

O Grupo Municipal Socialista de Barbadás considera que na Finca Fierro existen actualmente demasiados elementos do mobiliario urbano básico (fundamentalmente bancos e papeleiras) que presentan un deterioro moi importante polo que a súa utilidade para a veciñanza deixa moito que desexar.

Podemos destacar un importante número de deficiencias que podemos mencionar polo miúdo:

- Nas traseiras da Rúa Milladoiro dáse unha situación esperpéntica e propio do fenómeno coñecido como feísmo: hai 3 bancos públicos que están acompañados de 4 cadeiras tipo oficina



absolutamente destartaladas estando algunha de elas fixadas ó chan con aramios e incluso parafusos. O Concello debería ter presente esta situación de xeito que se colocaran máis bancos públicos.

- Fronte a istos bancos atópase unha papeleira co fondo roto.
- polas traseiras da mesma rúa temos un pequeno parque no que se acumulan residuos forestais, hai charcos de auga, sucidade e terra ó pé dun banco. Para solventar estas situacións algúns veciños e veciñas proceden a quitar os charcos e limpar o entorno.

E nesa Rúa Milladoiro :

- Existe unha papeleira na esquina que sempre soborda e está completamente abolada.
- Ademais hai 4 bancos que precisan dun repintado urxente.

E outras:

- Na Rúa Valdoviño hai un banco coas madeiras arqueadas.
- E na Rúa de Forcelos a situación resulta lamentable o atoparnos cun banco coas madeiras para sentarse podres, outro banco desconchado e despintado e cunha papeleira vella e abolada. Neste viario unicamente hai un banco en bo estado.
- Na Rúa dos Lindeiros ocorre algo que nos resulta surrealista. Existe un banco público que ten por soporte dous bloques de formigón para compensar o desnivel que existe en ese viario.
- No carón da residencia de maiores. Aquí hai un banco cuxos soportes son unhas simples rasillas ou ladrillos.
- Ó longo de toda a Rúa da Estrada de Piñor tan só está instalada unha única papeliera.
- Finalmente na Rúa Invernadeiro temos un banco desconchado e despintado,

Alude a falta de planificación por parte do Concello ó existir tres modelos diferentes de papeleiras na zona.

Critica tamén a accesibilidade ós diversos espazos públicos, como no parque da Finca Fierro. Temos que dicir que aquí instalouse un bambán para cativos e cativas menores de tres anos polo que é fundamental que se mellore o acceso e esta zona de lecer eliminando ou reducindo o bordo da beirarrúa.

Finalmente a veciñanza está certamente cansa dos malos cheiros que existen en varias zonas da localidade .



D. Serafín Núñez (BNG) sinala que o tema do mobiliario urbano está totalmente esquecido polo PP, e o BNG ten traído iniciativas que caen en saco roto neste Concello A Finca Fierro está nunha situación surrealista. Temos bancos asentados en bloques de cemento en precario porque aínda non se fixo a beirarrúa, e así quedarán porque non virá a beirarrúa, nin as varandas en caso de ser precisa...E o tránsito, se regula con pegotes ilegais; e si falamos de arbores ornamentais, a maioría non teñen rexilla no pe, e os que a teñen está as veces incrustada no pé da árbore...

O Regato da anguía recolle unha parte importante das augas fecais da Finca Fierro e nós xa presentamos unha moción sobre isto e foi desestimada. Temos unha rede obsoleta, de fai 30 anos, e por elo pedimos a mellora da rede de saneamento, e a separación das pluviais e fecais.

Pola presidencia respóndese que o PP votará a favor, con independencia de que na parte que corresponde a Ourense non poderemos actuar.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “

- *Arranxar e pintar os bancos que están en mal estado de conservación*
- *Substituír as papeleiras deterioradas e que o seu baleirado se faga dun xeito máis periódico*
- *Proceder a facilitar a accesibilidade ó parque público da Finca Fierro.*
- *Solventar as deficiencias existentes na rede de sumidoiros tomado todas aquelas medidas necesarias para evitar os malos cheiros.* “

### E- MOCIÓN DO PSDEG PARA INSTAR Á XUNTA A MELLORAR A ATENCIÓN SANITARIA EN BARBADÁS E PARA QUE O CONCELLO MANTEÑA CONDICIÓNS O ACTUAL AMBULATORIO

A Sra Morenza (PSdeG-PSOE) procede a defensa da seguinte moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A sanidade pública é un dos piares do Estado de Benestar, pero en Barbadás este fundamento estase vendo ameazado nos últimos meses dun xeito máis alarmante. É unha afrenta á cidadanía que día tras día padezan as consecuencias dunha nefasta xestión dos servizos públicos sanitarios por parte do Goberno de Núñez Feijoo. Pero o grupo de goberno de Freire Couto demostra a súa negligencia ó non esixir á Xunta que a prestación sanitaria se faga nas debidas condicións.

A xubilación do enfermeiro do centro de saúde de Barbadás está provocando unha merma da calidade asistencial porque esta vacante no foi cuberta despois de case 4 meses. A Xunta que preside Feijóo ó



non cubrir este posto obriga a unha das enfermeiras do centro médico da Valenzá a atender en ambos os dous centros coa conseguinte merma asistencial. Esta situación trae consigo ademais un notorio retraso en probas como as extraccións de sangue, obrigando ós pacientes a agardar da orde de un mes para realizar unha analítica.

Pero a situación preocupante que padece a veciñanza de Barbadás afecta tamén ós servizos dos médicos que atenden nas instalacións da Valenzá. Ante situacións cotiás como o disfrute de días de asuntos persoais, vacacións ou mesmo baixas, a Xunta non cubre ou faino dun xeito parcial o posto do profesional de atención primaria e unha vez máis prodúcese unha merma na prestación sanitaria. Non parece razoable que un paciente pida turno para asistir ó médico e lle dean vez para 8 días despois nin que se cubran os postos un día si e outro non.

Hai que ter en conta que en atención primaria non existe a lista de espera. Esta posibilidade non está contemplada e o señor alcalde coma profesional médico sabe que é así e ten que recoñecer que este tipo de situacións son de xulgado de garda. Precisamente un dos fundamentos da atención primaria é a accesibilidade do paciente ó servizo. Pero este é un dereito que cada día o PP lle está furtando á cidadanía de Barbadás porque non poden disfrutar dunha sanidade de calidade.

A demora na atención dos pacientes polo seu médico de cabeceira e os retrasos na realización de probas complementarias son cuestión que preocupan á veciñanza. Pero as dilacións na atención afectan tamén a servizos coma o de Pediatría, posto que a saturación do servizo merma unha vez máis a atención á infancia. As nais e pais de Barbadás vense abocados a soportar que se tarden varios días en atender ós seus fillos, cando a atención á infancia debe ser prioritaria. Isto provoca que moitos deles teñan que acudir ó Punto de Atención Continuada de Ourense, cos conseguintes prexuízos para a saúde dos cativos.

O Grupo Socialista presenta esta moción para coñecer qué fixo o goberno do PP de Barbadás para tratar de solventar esta situación caracterizada polas deficiencias na atención primaria. Pero tamén queremos coñecer se o goberno de Freire vai adoptar unha postura reivindicativa e de esixencia ante o ataque á sanidade pública que están padecendo os barbadenses por parte da Xunta.

O alcalde de Barbadás, a pesar de que é médico, parece non comprender que esta situación de merma na atención primaria tamén é responsabilidade súa non só coma gobernante, senón tamén como veciño e como profesional.

Dende o PSdeG queremoslle lembrar tamén que vostede ten unha responsabilidade directa na atención sanitaria: o mantemento das instalacións. A finais de setembro de 2011 pedimos que se procedese ó



pintado do actual centro médico e o Alcalde respondeu que se ía efectuar. Pasaron máis de 6 meses e a situación non mudou. É máis empeorou. É bochornoso acudir ó ambulatorio e ver cómo as paredes están sucias dende hai anos, pero ós gobernantes do PP parece non preocuparlle nin a Sanidade en Barbadás nin a imaxe que ofrecemos de terceiro mundismo no que a instalacións se refire.

E a guinda na merma da prestación sanitaria pasa polo anuncio feito por responsables da Xunta en comisión parlamentaria de que Barbadás non terá novo centro de saúde antes de que remate esta lexislatura. Ante preguntas da deputada socialista María del Carmen Acuña, o PP respondeu que o de Barbadás vai nun paquete de 18 centros de saúde que “non foron adxudicados pola complexidade do sistema de financiación público-privado”.

En resumo, en Barbadás estamos na prehistoria no que a infraestruturas sanitarias se refire. E suma e sigue porque parece que imos continuar así uns cantos anos máis. Pero ante á falta de instalacións dignas súmase a política de recortes da Xunta de Feijóo que se padecen diariamente debido a que non se cubre a vacante de enfermería no centro de saúde de Barbadás, non se substitúe ós profesionais médicos cando están de vacacións ou de baixa e hai retrasos excesivos ó conceder turno para o pediatra.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- Esixir á Xunta que se cubra a vacante de enfermería no centro de saúde de Barbadás para pór fin á merma na prestación do servizo tanto aquí coma no ambulatorio da Valenzá debido a que se producen retrasos inadmisibles na realización de probas complementarias.
- Instar á Xunta a cubrir axeitadamente as ausencias dos profesionais médicos para evitar a demora na atención sanitaria.
- Plantexar á Xunta que estude a posibilidade de incrementar a atención en Pediatría, tendo en conta que se trata dun servizo moi demandado debido ó alto índice de natalidade que hai no concello e posto que tamén hai demora na atención.
- Proceder por parte do Concello de Barbadás ó mantemento axeitado do actual ambulatorio procedendo ó pintado das paredes debido á pésima imaxe que ofrece na actualidade.
- Que o grupo de goberno do PP elabore un informe das xestións que se fixeron e das iniciativas que se van levar a cabo para mellorar a asistencia sanitaria en Barbadás.

A voceira critica a resignación con que o alcalde acepta a retirada da enfermeira, cando debería pelexar polo mantemento da mesma. Sinala que en atención primaria non existen listas de espera,



salvo en Barbadás, que somos a excepción. Non existe substitución do médico en caso de baixas, días propios... A demora na atención afecta tamén os pediatras, e este servizo debe ser prioritario, polo que os usuarios teñen que acudir a o PAC de Ourense.

O grupo socialista quere saber si vai existir por parte do Alcalde unha actitude combativa fronte a esta situación, e entenden que tamén entra dentro das súas competencias o tema das instalacións, e a finais de 2011 xa pedimos a pintura do Centro de saúde e aínda non se levou a cabo.

E consideran que a “ guinda” é que non se vai facer o centro de saúde da Valenzá, a medio prazo, polo que o partido socialista se pregunta si existe a esperanza de poder gozar dunha atención propia do século XXI.

O Sr. Firvida (BNG) concorda coa exposición dos socialistas. Soamente quere dicir que a situación sanitaria en Barbadás é o resultado da política da Xunta de Galicia mais a do alcalde de Barbadás.

Hoxe, o capital quere que se especule coa débeda dos países, e fomentar a construción pública.

Xa se dixo que o médico de Barbadás vai parar finalmente ós servizos xerais, e iso deixará a porta aberta para o peche do centro de saúde.

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE) solicita que conste en acta a afirmación do alcalde, de que vaise opoñer taxantemente o peche do centro de saúde de Barbadás.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “

- **Esixir á Xunta que se cubra a vacante de enfermería no centro de saúde de Barbadás para por fin á merma na prestación do servizo tanto aquí coma no ambulatorio da Valenzá debido a que se producen retrasos inadmisibles na realización de probas complementarias.**
- **Instar á Xunta a cubrir axeitadamente as ausencias dos profesionais médicos para evitar a demora na atención sanitaria.**
- **Plantexar á Xunta que estude a posibilidade de incrementar a atención en Pediatría, tendo en conta que se trata dun servizo moi demandado debido ó alto índice de natalidade que hai no concello e posto que tamén hai demora na atención.**
- **Proceder por parte do Concello de Barbadás ó mantemento axeitado do actual ambulatorio procedendo ó pintado das paredes debido á pésima imaxe que ofrece na actualidade.**
- **Que o grupo de goberno do PP elabore un informe das xestións que se fixeron e das iniciativas que se van levar a cabo para mellorar a asistencia sanitaria en Barbadás.”**

### **F- MOCIÓN DO PSDEG PARA SE ELABORE UN REGULAMENTO DE ACCESO E USO**



### DO POLIDEPORTIVO DA VALENZÁ

D<sup>a</sup> María Preses ( PS de G- PSOE) , procede a lectura e defensa da seguinte moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Barbadás contará por fin con un polideportivo. E dicimos por fin porque levamos polo menos 20 anos agardando a contar con esta infraestrutura básica nun concello da entidade que ten o de Barbadás.

E se levamos dúas décadas á expectativa de que os barbadenses poidan dispor de un pavillón, agora tamén temos que seguir agardando para que se proceda á súa posta en funcionamento. Supoñemos que a apertura do polideportivo será inminente...e esta afirmación é non só un desexo da cidadanía senón unha esixencia do Grupo Municipal do PSdeG.

Dende o PSdeG, seguindo a liña de facer unha oposición construtiva, queremos facer unha proposta para que unha vez que se inicie a actividade no pavillón polideportivo se faga dun xeito realista e acorde cos futuros usuarios das instalacións. Isto significa que hai que tratar de atender as demandas dunha poboación xoven e dinámica. E precisamente este dinamismo é o que debe imperar no desenrolo da actividade diaria do pavillón.

O grupo de goberno do PP debería ser neste sentido previsor e anticiparse por unha vez ó que demanda a sociedade. E para isto é preciso establecer unhas normas de funcionamento das instalacións. O obxectivo sería regulamentar o uso e o acceso ás instalacións.

A lóxica di, e agardamos que así se fará, que o polideportivo debe ser aberto á cidadanía e un lugar dinámico de participación. O regulamento que é necesario elaborar debe ter en conta as demandas e as peticións dos usuarios. Deste xeito, non se trata só de que o usen os equipos profesionais ou afeccionados, senón tamén ás persoas que individual ou colectivamente queiran utilizar as instalacións deportivas. Consideramos fundamental tamén que o polideportivo se abra ós usuarios tódalas fins de semana, tal e como se fai incluso en municipios que teñen a metade de poboación ca Barbadás veñen facendo dende hai anos.

Suxerimos ademais que se teña en conta a posibilidade de que en datas puntuais ou solicitudes concretas se poidan manter abertas as instalacións durante a noite.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- Que se elabore un regulamento de acceso e uso do polideportivo da Valenzá para que se convirta nun lugar dinámico e aberto á sociedade.
- Que se estude a posibilidade de abrir polas noites as instalacións en datas puntuais e ante solicitudes





concretas.

Sinala a voceira que, o que se pretende, é que o acceso ó Polideportivo non este soamente reservado para equipos profesionais ou escolas deportivas , e que poida ser usado por todos os cidadáns.

expón tamén a posibilidade de que con motivo de circunstancias especiais poida estar aberto polas noites, e con carácter xeral , a apertura os fins de semana.

Pola Presidencia respóndeselle que coincide coas ideas manifestadas pola voceira socialista, e que ese regulamento farase, pero primeiro tense que resolver varias cuestións coas que está o grupo de goberno, como é a da urbanización do entorno, a dotación do polideportivo...

D. Serafin Nuñez (BNG) entende que para o BNG , o Polideportivo é unha promesa incumprida mais, xunto co cemiterio, e o centro de día, e a piscina climatizada, e o instituto..

Agora din que abren en setembro, pero... de que ano? Salvo, claro esta, que se adianten as eleccións autonómicas!!! ¿Será como o Instituto?

Remata sinalando que neste Concello estivemos en mínimos pola negligencia do PP. O tardar tantos anos nas obras, e por desidia dos que gobernan. Estamos de acordo coa moción do PSOE e imos votar a favor.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “

- *Que se elabore un regulamento de acceso e uso do polideportivo da Valenzá para que se convirta nun lugar dinámico e aberto á sociedade.*
- *Que se estude a posibilidade de abrir polas noites as instalacións en datas puntuais e ante solicitudes concretas.*”

## PARTE DE CONTROL

### 10- ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. Morenza do PSdeG-PSOE pregunta si se resposta ós veciños os escritos presentados o que resposta o Sr. Alcalde que algúns si pero outros non son preguntas.

Manifesta a concelleira que ten algúns escritos presentados e sen resposta, o que se lle resposta que o escrito do 12 de marzo xa está contestado na moción.

Roga a Concelleira que se poñan bancos e que se recollan os existentes que parecen para ananos.

Recorda tamén o informe das deficiencias do Campo de Fútbol.



## CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Valcárcel do PSdeG-PSOE solicita que se arranxe a parada de bus “Moraima” porque cando chove asolagase.

O Sr. Fírvida do BNG solicita que cando coincida festivo o día de venda de bono buses se cambie para outro día.

O Sr. Núñez do BNG solicita que se revisen as rexillas e sumidoiros de pluviais porque están cheas.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 13:55 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO